



R e MasOrange preparan a súa rede para que os seus clientes disfruten ao máximo en Galicia da histórica eclipse solar

- ***MasOrange identificou en Galicia máis de 70 localizacións estratéxicas nas que se espera maior afluencia de visitantes para contemplar este extraordinario espectáculo astronómico.***
- ***Grazas a este dispositivo especial, os/as clientes/as de R e de MasOrange na comunidade galega poderán compartir as súas imaxes ou vídeos en directo coa mellor calidade de rede.***

Mércores, 29 de xullo de 2026. - R e MasOrange activaron un dispositivo especial de control remoto da súa rede en Galicia para lle dar **resposta ao incremento de visitantes nas zonas onde se poderá gozar da eclipse solar do 12 de agosto**, a primeira destas características que se pode ver no noso país dende 1912.


A Península Ibérica será o mellor lugar do mundo para disfrutar ao máximo da eclipse solar total e, por iso, **R e MasOrange identificaron máis de 70 localizacións estratéxicas** sobre as que están focalizando os seus traballos, ao se tratar de **lugares que previsiblemente rexistrarán unha maior afluencia de visitantes**. Son, en concreto, 72 actuacións de reforzo da rede repartidas polas catro provincias galegas: 24 na Coruña, 29 en Lugo, 4 en Ourense e 15 en Pontevedra.

Con estes traballos, **R e MasOrange procuran asegurar a capacidade e o rendemento da rede para garantir a mellor experiencia** de conectividade posible e atender con plenas garantías o incremento puntual de tráfico asociado a este acontecemento de alcance internacional.

Reforzo permanente da rede; e máis, no verán

Todas estas actuacións súmanse aos traballos de mantemento que **R e MasOrange fan de xeito continuo** na súa rede, con especial atención durante os meses de verán en zonas turísticas. En termos agregados, **a extensión da rede estival de MasOrange acada preto de 1.100 nodos** (puntos de rede que poden enviar, recibir ou redirixir información) **repartidos por 217 concellos considerados de alto tráfico durante o verán**.

Esta capilaridade da infraestrutura permite xestionar de forma eficiente o incremento da demanda nun período onde a tónica é a mobilidade xeográfica de usuarios/as e a concentración temporal en determinados destinos.



“Achámonos perante un fito histórico e queremos que os nosos clientes e clientas poidan gozar del ao máximo e compartir as súas imaxes e vídeos en directo coa mellor calidade de rede. Coas actuacións previstas nos puntos seleccionados garantiremos todo o posible a dispoñibilidade dos servizos dixitais en zonas con alta concentración de persoas para desfrutar deste grande acontecemento astronómico”, afirmou Alfredo Ramos, director de R e de MasOrange en Galicia.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e luz+gas. E para empresas e administracións públicas, **R** integra unha oferta completa de servizos dixitais avanzados: conectividade empresarial de alto rendemento, postos de traballo 100 % dixitais, ciberseguridade xestionada, solucións ‘cloud’ e infraestrutura, IoT + solucións 5G e capacidades de datos e intelixencia artificial para sectores clave.

Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

Dende 2024 forma parte do grupo MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes. O operador galego é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 97 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. ([R.gal](https://www.r.gal))

Sobre MasOrange

MasOrange é o maior operador de telecomunicacións en España por número de clientes, con case 47M de liñas entre banda larga e móbil. Adicionalmente, ofrece para clientes particulares e empresas servizos de TV, seguros, enerxía, alarmas, financiamento ao consumo, saúde, ciberseguridade, redes privadas 5G e cloud.

A compañía conta con 8 marcas principais nacionais (Orange, Yoigo, Jazztel, MASMOVIL, simyo, Pepephone, Lebara e Lyca) e 5 rexionais (Euskaltel, R, Telecable, Guuk e Embou), coas que vai cubrir todas as necesidades dos clientes en España.

MasOrange dispón de máis de 32 millóns de fogares comercializables coa súa oferta de fibra óptica e cobre coa súa rede móbil 4G o 99 % da poboación española e máis do 93 % coa nova tecnoloxía 5G, coa que conecta uns 5250 municipios por toda a xeografía española. Ademais, máis dun terzo da poboación española xa goza dos servizos 5G Advanced.

Por outra banda, MasOrange ten a ambición de ser o operador coa clientela máis satisfeita, consolidarse como motor do talento e liderar a economía do propósito en España, sendo respectuoso coas persoas e o planeta. Ademais, traballa na accesibilidade á tecnoloxía para todos (atendendo a España baleirada), a protección dos menores no eido dixital e o desenvolvemento de produtos e servizos que melloren a experiencia de toda a súa clientela.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal